

Ciencia que Conta

Pío González, Eduardo G. Parada, Julia Serra, Hélio L. Aguiar, Paulino Pérez Feijoo,
J. Carlos Conde, Stefano Chiussi
Grupo Divulgatia, Universidade de Vigo

Resumo:

“Ciencia que Conta” é un concurso de relatos de ciencia, dirixido á sociedade galega, que se convoca anualmente en Galicia desde o ano 2008, promovido por un grupo de profesores de ensino medio e universidade. Trátase dunha actividade de carácter divulgativo, lúdico e participativo, que procura a promoción da cultura científica, impulsar as vocacións en ciencia e concienciar á sociedade sobre a importancia da I+D+i, así como un achegamento ao traballo científico e ás profesións de científicos e tecnólogos.

Para participar hai que escribir un relato curto ou conto (máximo 1000 palabras) a partir dun aspecto científico puntual, da observación dalgún fenómeno, experiencias simples, historias de ciencia ou aspectos biográficos de científicos, en especial que inclúan as mulleres como protagonistas. Deben estar escritos en lingua galega, pois cómpre potenciar o feito de falar de ciencia e facer ciencia en galego. Non pretenden ser artigos sobre ciencia nin relatos de ciencia ficción. Distínguense catro categorías: alumnado de educación primaria, alumnado de secundaria, de baharelato e FP, e público en xeral.

Unha selección de relatos publícase nun libro con ISBN, editado en papel (500 exemplares) e en versión dixital, de distribución gratuíta. Os cinco mellores relatos das categorías primaria e secundaria, e os tres mellores de bacharelato e adultos reciben un premio e diploma nunha coidada cerimonia con actuacións relacionadas coa ciencia e a emisión en directo do programa “Efervesciencia” da Radio Galega.

Palabras chave:

Ciencia, literatura, relatos científicos, divulgación, multidisciplinar.

Motivación:

A cidadanía do século XXI, integrante da denominada «sociedade do coñecemento», ten o dereito e o deber de posuír unha formación científica que lle permita actuar como cidadáns autónomos, críticos e responsables. Para iso cómpre pór ao seu alcance esa cultura científica imprescindible e procurar elementos comúns no saber que todos deberíamos compartir. O reto para unha sociedade democrática é que a cidadanía teña coñecementos suficientes para tomar decisións reflexivas e fundamentadas sobre temas científico-técnicos de incuestionábel transcendencia social e poder participar democraticamente na sociedade para avanzar cara a un futuro sustentábel para a humanidade. Debe pois ser un reto importante para a comunidade científica contribuír a esta formación a través do achegamento deste coñecemento e dos procesos e resultados de I+D+i mediante actividades de comunicación e divulgación.

Existen diversos camiños para chegar a contactar coa sociedade e desenvolver esa divulgación científica. A proposta que presentamos é un concurso de relatos curtos sobre ciencia. Trátase dunha actividade con vocación de continuidade e cunha boa acollida por parte da comunidade educativa ao longo do catro edicións de existencia do concurso.

Obxectivos:

O concurso de relatos curtos “Ciencia que Conta” ten como obxectivo principal o fomento e impulso das vocacións científicas entre escolares e xoves. Nomeadamente os obxectivos concretos son:

- a) Concienciar aos escolares e mozos sobre a importancia da I+D+i no desenvolvemento económico e benestar social, fomentando a cultura científica.
- b) Facer da sociedade galega unha sociedade ben informada no ámbito da ciencia e a tecnoloxía.
- c) Promover un maior recoñecemento social das actividades de investigación, desenvolvemento e innovación.
- d) Impulsar o espírito científico e emprendedor e as profesións científicas e de tecnólogos entre os escolares e novos.
- e) Promover a participación dos cidadáns nas actividades de ciencia e tecnoloxía.

Desenvolvemento e planificación do concurso:

Este concurso procura vencellar ciencia e creación literaria. A partir dun aspecto científico puntual, da observación dalgún fenómeno ou experimento simple, hase desenvolver un relato curto ou conto (máximo 1000 palabras). Non pretenden ser relatos de ciencia ficción nin artigos sobre ciencia, senón pequenas pezas literarias que poderían ter como punto de partida biografías de persoeiros, aspectos de historia da ciencia, situacións cotiás dun laboratorio ou pequenas experiencias científicas.

Tamén se procura a visibilización das aportacións –tantas veces agachadas- das mulleres á ciencia, valorándose en especial relatos que inclúan mulleres como protagonistas ou ao redor de historias de mulleres. A lingua galega tamén ten un papel importante, como xeito de mostrar que se pode escribir e facer ciencia na nosa lingua e acostumar aos escolares e á sociedade a velo con normalidade.

Establécense catro categorías desde primaria ao público xeral, para así non só chegar a escolares senón tamén achegar a actividade a toda a sociedade galega, conseguindo así un impacto maior.

Os relatos presentados son avaliados por un xurado formado por persoas vencelladas á ciencia e a literatura (investigadores, docentes, escritores, editores, divulgadores...). Unha selección feita polo xurado dos mellores relatos (auns corenta en total) publícase nun libro con ISBN, editado en papel cunha tiraxe de 500 exemplares e en versión dixital, ambos de distribución gratuíta.




Fig.1.- Portadas dos libros editados correspondentes ás catro edicións do concurso de relatos curtos “Ciencia que conta”.

Os cinco mellores relatos das categorías primaria e secundaria, e os tres mellores relatos das categorías bacharelato e adultos reciben un premio e un diploma nunha coidada cerimonia. A Gala de Entrega de Premios do Concurso celebrouse até a edición deste ano 2012 no Museo do Mar de Vigo, e emítese en directo pola Radio Galega no programa científico “Efervescencia” dirixido por Manuel Vicente. O acto finaliza cunha actividade lúdica vencellada á ciencia: café teatro científico, representación teatro científico, cine histórico de ciencia-ficción acompañado de música en directo. A actividade desenvólvese no último trimestre do ano.

(a)

The screenshot shows the farodevigo.es website. The main article is titled "Ciencia que conta" da la mano a la literatura. It reports on the award ceremony held at the Museo do Mar in Vigo. The article mentions that 230 stories were submitted and that the winners were announced. It lists the names of the winners in different categories: Sara Álvarez for the primary school category, and Ricardo Grobas for the secondary school category. The article also mentions that the ceremony was broadcasted on the radio.

(b)

The screenshot shows the e-Museo website. The main heading is "Ciencia que conta". Below it, there is a section titled "Concurso de relatos cortos sobre ciencia". The page provides details about the competition, including the deadline for submissions (November 10, 2011) and the location of the award ceremony (Museo do Mar in Vigo). It also lists the categories of the competition: primary school, secondary school, and university/adults. The page includes a list of winners and their stories, such as "Una historia oscura" and "Caristey' obaga a Marta".

(c)

The screenshot shows the website for the IES Fraga do Eume. The main heading is "BIBLIOTECA do IES FRAGA do EUME". Below it, there is a section titled "CONCURSO DE RELATOS: CIENCIA QUE CONTA". The page features a banner for the competition, including the logo and the year 2011. It also includes a list of winners and their stories, such as "Primavera poética". The page is designed to promote the competition and provide information about the winners.

(d)

The screenshot shows the website of the Junta de Castilla y León. The main heading is "Junta de Castilla y León". Below it, there is a section titled "Premio relatos en Vigo". The page provides details about the competition, including the deadline for submissions (November 10, 2011) and the location of the award ceremony (Museo do Mar in Vigo). It also lists the categories of the competition: primary school, secondary school, and university/adults. The page includes a list of winners and their stories, such as "Una historia oscura" and "Caristey' obaga a Marta".

Fig.2.- Exemplos do proceso de visualización do evento: (a) a través dous medios de comunicación, (b) páxinas web dos museo de ciencias, (c) páxinas web dos propios centros educativos galegos e (d) páxinas web de centros educativos de outras comunidades autónomas.

O impacto e o éxito do concurso son considerables ao abranguer un amplo abano social, desde o alumnado de primaria e secundaria até público en xeral, familiarizándose así coa ciencia e o coñecemento científico. Este impacto pódese valorar a través do número de relatos que foron enviados nas diferentes edicións do concurso, o número de libros distribuídos en diferentes centros de educación, o número de centros participantes e o total de escolares participantes. Así, con esta quinta edición na que estamos no 2012 xa se alcanza a cifra de 1000 relatos presentados e 2000 libros cos mellores relatos de “Ciencia que Conta” distribuídos en bibliotecas escolares e públicas, entre outros, e mesmo se alcanza a cifra de 10000 euros correspondente aos premios e agasallos concedidos. Pero, sobre todo, conséguense altas cotas dun compromiso co coñecemento de moitos centros escolares, profesores e familias que apoiaron e estimularon a participación de perto de 1000 escolares durante a vida deste concurso.




Fig.3.- Número de relatos correspondentes ás catro edicións do concurso de relatos curtos “Ciencia que conta”.

Na páxina web centralízase a información do concurso, explicando polo miúdo como participar e habilitando sistemas de solicitude de participación on-line. Cada ano édítase un díptico coas bases e un cartaz anunciador do concurso, para publicitalo o máximo posible. En función do orzamento, insérese publicidade nalgún xornal ou revista. Ademais faise unha comunicación ás revistas e suplementos literarios e de ciencia de xornais e revistas, para que dean conta do concurso. A páxina web ten especial relevancia, pois os relatos premiados se fan públicos nela e emprégase como vencello cos participantes. Así tamén os xornais da comunidade galega fanse eco do evento e cubren o mesmo nas súas páxinas.



Fig.4.- . Imaxe do blogue <http://cienciaqueconta.wordpress.com/>

Conclusións:

Os obxectivos que nos marcamos ao comenzo da posta en marcha deste proxecto foron alcanzados plenamente e en especial consideramos que o concurso é un elemento estimulador do espírito científico entre escolares e xoves da comunidade galega, podendo contribuír a impulsar vocacións científicas entre os máis novos. Finalmente salientar o impacto e o éxito do concurso, superando as perspectivas que nos marcamos inicialmente e sendo esta unha das razóns que nos impulsa a que o mesmo siga tendo continuidade ao longo destes anos.

Agradecementos:

Os autores agradecen o financiamento da Fundación Barrié nesta edición 2012 e a colaboración da Area de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e a Asociación Galega de Comunicación de Cultura Científica e Tecnolóxica.